

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

LINGUA GALEGA E LITERATURA II
(Cód. 02)

PREGUNTAS	CRITERIOS DE CORRECCIÓN	CUALIFICACIÓN MÁXIMA
PREGUNTA 1 (2,5 puntos)	1.1 (1 punto) Resumir o contido do texto: —Recoñecemento de pertenza idiomática. —Constatación da gran variabilidade interna da lingua. —Evolución diacrónica do idioma: dende a Idade Media ata os nosos días. —Definición e caracterización do galego estándar.	0,75
	Evitar na redacción a paráfrase do texto e o abuso da reiteración textual das secuencias do mesmo.	0,25
	1.2 (1 punto) Identificar e explicar a tipoloxía textual á que pertence o escrito: é un texto expositivo-argumentativo, pois a súa principal finalidade é convencer das teses que expón mediante o emprego de diversos argumentos.	0,5
	Xustificar a adscrición á tipoloxía textual servíndose de, como mínimo, tres exemplos extraídos do texto: conectores explicativos, terminoloxía específica, modalidade enunciativa, argumentos causa-efecto, substantivos abstractos....	0,5
	(0,5 puntos) Producir textos escritos respectando as propiedades textuais (adecuación, coherencia e cohesión), con corrección (ortográfica e gramatical), servíndose dun léxico adecuado e preciso e observando a extensión recomendada para as respuestas.	0,5
PREGUNTA 2 (2,5 puntos; lémbrese que	2.1 (1 punto) Determinar a natureza semiaberta ou semipechada das vogais tónicas das palabras indicadas: <i>certo</i> (semiaberta), <i>resposta</i> (semiaberta), <i>desde</i> (semipechada), <i>nosa</i> (semiaberta), <i>medios</i> (semipechada).	1
	Determinar a categoría gramatical á que pertenecen as palabras sinaladas: <i>todos</i> (determinante indefinido), <i>asemade</i> (adverbio), <i>aval</i> (substantivo), <i>niveladora</i> (adxectivo), <i>seu</i> (determinante posesivo).	0,5

deben escollerse únicamente dúas opcións para responder das catro posibles)	2.2 (1 punto)	Engadir segundos exemplos de palabras da mesma categoría gramatical para cada caso.	0,5
	2.3 (1 punto)	Identificar e explicar a clase de perífrase verbal contida na secuencia pola que se pregunta: <i>se está a estender</i> (perífrase verbal aspectual imperfectiva).	0,5
	2.4 (1 punto)	Engadir un segundo exemplo desa mesma perífrase verbal, mais empregando un verbo auxiliar diferente: <i>anda a se estender, leva a se estender, vai estendéndose, vén estendéndose</i> .	0,5
	2.4 (1 punto)	Clasificar as palabras sinaladas en simples, derivadas, compostas ou parasintéticas xustificando cada adscrición: <i>mesmo</i> (simple), <i>innovación</i> (derivada de <i>innovar</i> co sufijo nocional deverbal de acción <i>-ción</i>), <i>referencial</i> (derivada de <i>referencia</i> co sufijo nocional desubstantival <i>-al</i>), <i>estratexia</i> (simple), <i>extraordinaria</i> (derivada de <i>ordinaria</i> co prefijo nocional negativo <i>extra-</i>).	0,5
	(0,5 puntos)	Indicar un sinónimo e un antónimo de cada unha das palabras polas que se pregunta (cada sinónimo/antónimo ben indicado sumará 0,05).	0,5
PREGUNTA 3 (2,5 puntos; lémbrese que debe escollerse únicamente unha opción para responder das dúas posibles)	3.1 (2 puntos)	Producir textos escritos respectando as propiedades textuais (adecuación, coherencia e cohesión), con corrección (ortográfica e gramatical), servíndose dun léxico adecuado e preciso e observando a extensión recomendada para as respuestas.	0,5
		Redactar un texto de opinión centrado na importancia da variedade estándar para calquera lingua e, en particular, para o galego. —Breve introdución: presentación das linguas como diasisistemas; xustificación da necesidade dunha variedade estándar. —Corpo de argumentación: constatación da variabilidade diacrónica e sincrónica das linguas; afirmación da idoneidade da variedade estándar para os usos formais, administrativos e educativos. —Conclusión: síntese do argumentado e defensa da variedade estándar como instrumento imprescindible extensión normalizadora da lingua.	1,5

		Empregar na redacción do texto terminoloxía sociolingüística especializada e axeitada aos argumentos sostidos.	0,50
PREGUNTA 4 (2,5 puntos; lémbrese que debe escollerse unicamente unha opción para responder das dúas posibles)	3.2 (2 puntos)	Determinar a variedade dialectal da narración, xustificándoa a partir de, como mínimo, catro exemplos tirados do texto: texto pertencente ao bloque occidental, área fisterrá. Fenómenos: seseo prenuclear (<i>aparese, veses, faser, crusa, coñesen, apetéseche, faselo</i>); gheada (<i>desacóughaste</i>); ditongo -ui (<i>nuite</i>). A indicación do bloque sumará 0,25, a indicación da área sumará 0,1 e cada exemplo de dialectalismo ben determinado 0,1.	0,75
		Redactar un texto expositivo-argumentativo sobre o valor das variedades dialectais das linguas, especialmente da lingua galega: —Definición de variedade dialectal. —Constatación da variabilidade como fonte de riqueza do diasisistema. —Importancia e relación das variedades dialectais na conformación da variedade estándar. —As variedades dialectais como reflexo de trazos socioculturais e identitarios.	0,75
		Empregar na redacción do texto expositivo-argumentativo terminoloxía dialectolóxica especializada e axeitada aos argumentos sostidos.	0,5
	(0,5 puntos)	Producir textos escritos respectando as propiedades textuais (adecuación, coherencia e cohesión), con corrección (ortográfica e gramatical), servíndose dun léxico adecuado e preciso e observando a extensión recomendada para as respuestas.	0,5
	4.1 (2 puntos)	Relacionar o texto, sucintamente, coa restante obra de Castelao e coa narrativa da Época Nós: —Castelao como mestre da novela curta, o relato e o subgénero narrativo das «cousas»: <i>Un ollón de vidro</i> (1922), <i>Cousas</i> (1926, 1929), <i>Os dous de sempre</i> (1934) e <i>Retrincos</i> (1934). —A narrativa da Época Nós: xurdimento das voces fundadoras da narrativa galega moderna, introdutores das correntes literarias europeas do momento e ponte entre a tradición e as novas fórmulas creativas. Castelao, Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo e Rafael Dieste, entre outros.	0,5
		Determinar o tema central do texto: lembranza (melancólica) da feliz mocidade bailadora.	0,5
		Describir a estrutura do relato: —1ª Parte (1º parágrafo): presentación do motivo	

	<p>argumental e do narrador protagonista.</p> <p>—2ª Parte (2ª parágrafo): corpo central do relato e da peripecia como parella de baile dos dous personaxes principais.</p> <p>—3ª Parte (3ª parágrafo): salto temporal e confirmación do esquecemento da vida romeira e bailadora de mocidade.</p> <p>—4ª Parte (os dous derradeiros parágrafos): regreso á vila natal do narrador protagonista e reencontro emotivo coa súa parella de baile na mocidade.</p> <p>Caracterización dos dous personaxes principais:</p> <p>—Narrador: Personaxe principal. Personaxe caracterizado etopecicamente (descripción moral): <i>divertido, bailador, trompo esgarabilleiro</i>, de primeiras, <i>cangado cun tiduo, con preocupacións do vivir, perdida a mocidade, indiferente ao baile</i>, de maior.</p> <p>—Rapaza bailadora: Personaxe principal. Personaxe con retrato: descripción física (prosopografía) e moral (etopea). Descripción física: inicialmente, <i>xeitosa de corpo, feitiña de cara</i>, co pasar dos anos <i>gorda de ventre, de pernas e de brazos, cara inflada e vermella, boca sen dentes, postura de regateira</i>. Descripción moral: <i>leda de xenio, traballadora de condición, pescantina de oficio, limpia de conducta, picante nos dicires</i>.</p>	1
4.2 (2 puntos)	<p>Relacionar o poema, sucintamente, co conxunto da escrita da autora:</p> <p>—Luz Pozo Garza voz esencial da renovación lírica galega da segunda metade do século XX e autora destacada da Promoción de Enlace: poeta do amor, do sensualismo e do simbólico, en constante diálogo intertextual coa nosa tradición e a mellor poesía universal.</p> <p>—Algunhas obras destacadas: <i>O paxaro na boca</i> (1952), <i>Concerto de outono</i> (1981), <i>Códice calixtino</i> (1986), <i>Prometo a flor de loto</i> (1992) ou <i>Rosa tántrica</i> (2016).</p>	0,5
	<p>Determinar o tema central do poema, xustificándoo a partir de exemplos tirados do texto: A soidade.</p>	0,5
	<p>Sinalar as principais figuras literarias empregadas no poema: personificación (a soidade como nena), conmoración (motivo da nena-soidade amplificado dende diversos ángulos), estruturas paraleísticas e anafóricas (un can... unha porta; soidade meniña/ sen amor... soidade/ meniña adormecida); campo semántico da orfandade e o desvalemento (soidade tristeira, medo, sen amor, esquecida, silencio, abandonada, adormecida, frío, noite), imaxes visionarias (unha porta/ bateuse/ contra a noite).</p>	1
(0,5 puntos)	<p>Producir textos escritos respectando as propiedades textuais (adecuación, coherencia e cohesión), con corrección (ortográfica e gramatical), servíndose dun léxico adecuado e preciso e observando a extensión recomendada para as respostas.</p>	0,5